

## CONSTRUÍMOS UN COMPÁS

### **Que perseguimos?:**

Queremos demostrar a existencia dos campos magnéticos da Terra e a funcionalidade dun compás.


### **Material que precisamos:**

Un prato sopero, unha agulla, auga, unha palliña de corcho ou plástico, tesoiras, un imán de nevera e un compás (brúxula) para comprobar.



### **Como fixemos?:**

- 1º- Enchimos o prato con auga,
- 2º- Cortamos dous anacos de palliña e atravesamos coa agulla.
- 3º- Frotamos a punta da agulla co imán.



- 4º- Soltamos a agulla sobre a auga.

- 5º- Poñemos un compás ao carón para comprobar a veracidade do experimento.

### **Conclusións:**

A agulla xirou sobre a auga do prato e apuntou coa súa punta cara o Norte magnético do planeta. Puidémolo comprobar ao poner o compás ao seu lado e observar que efectivamente apuntaba cara o Norte.

